




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Concello: Pontevedra. Parroquias: Santo André de Lourizán e San Martiño de Salcedo no canto sureste. Extensión: 3,86km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa con chaira intermareal composta por sedimentos areoso-lamacentos asociados aos procesos de sedimentación fluvio-mariña. A zona de contacto coa vertente continental sen embargo está totalmente modificada pola presenza das infraestruturas viarias e a localización de actividades industriais que alteraron a liña de costa natural. Cara ao interior desenvólvese a ladeira de perfil regular pendente moderada, sucada por pequenos cavorcos que teñen na súa cabeceira a uns 310m na elevación granítica do Alto de Pornado.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade caracterizada pola presenza a partes iguais de materiais sedimentarios e rochas ígneas. En principio, os graos de feldespato alcalino con facies de grao medio a fino forman o basamento da unidade e coinciden coas áreas de promontorios costeiros. Sobre eles dispoñense os sedimentos, dominando os xistos, lousas e paragneises do Complexo de Cabo D'Home – A Lanzada, aínda que ao noreste da unidade hai que constatar a presenza dun sector de gneises glandulares. Polo que respecta ao Cuaternario, cabe destacar os depósitos dun cono de dexección na desembocadura do río Lérez, ademais dunha pequena franxa perpendicular á liña de costa entre os dous tipos de bandas sedimentarias.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm, temperaturas suaves por enriba dos 14°C de media e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C. O Alto de Pornado pertence ao dominio Cálido e Moi Húmido xa que presenta un rango de precipitacións entre 1400mm e 1600mm.

OS SOLOS

A chaira intermareal costeira presenta localmente depósitos derivados da sedimentación fluvio-mariña, sobre todo arenosos e solos lamacentos do tipo sapropel. Sen embargo a liña de costa está moi transformada pola localización das actividades industriais e as vías de comunicación, con tramos gañados ao mar, o que se traduce nun predominio de solos modificados do tipo antroposol. Pola súa banda na ladeira de pendente suave a moderada, desenvólvense solos evolucionados dos tipos cambisol dístrico-úmbrico e umbrisol dístrico, mentres que na cabeceira, Alto de Pornado, aparecen os solos máis pobres e esqueléticos da unidade do tipo regosol, nos que con frecuencia emerge a rocha na superficie.


AS AUGAS

A unidade de Lourizán conta cunha estreita chaira costeira na que se xuntan os canais que recollen as augas dos relevos circundantes, confluindo nunha única boca situada nas proximidades da punta de O Cabo en Lourizán, en Aguas de Transición da Ría de Pontevedra (20484).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de paisaxe fortemente humanizado e frente costeiro moi transformado. Neste aparecen os hábitats 1110 e 1140, de planicie intermareal e submareal somera lamacente-areosa. Tras o establecemento industrial da papeleira de Lourizán, as vertentes presentan bastante superficie arborada. Algunhas masas de bastante dimensión son mixtas pero dominadas por frondosas autóctonas derivadas de antigas carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) e soutos(9260, Bosques de Castanea sativa), algo que ocorre ladeira arriba do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, en O Rozo, entre As Nogueiras e O Pumariño, e en Rorís. Algúns, coma este último, teñen un compoñente ripícola (91E0) ao asentarse no cavorco dun curso fluvial. Súmanse a este patrimonio arbóreo, moitas agrupacións de recolonización en zonas abandonadas de cultivos en toda a unidade, especialmente na súa metade occidental.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A fachada litoral atópase totalmente modificada, ocupada por usos industriais (Fábrica de Celulosas ENCE, ELNOSA), equipamentos e infraestruturas de comunicación. A chaira intermareal que acolle a unidade presenta actividade marisqueira. A metade occidental do ámbito, é a que alberga unha maior ocupación residencial, intercalándose con pequenas parcelas de cultivo e bosques de Quercus, exceptuando a zona meridional onde se atopa o Alto de Pornado e o Monte de Roque pobrados na súa maior parte por masas densas de árbores de repoboación e Quercus. A metade oriental está menos urbanizada onde predominan as masas forestais entremezcladas con agras de cultivo.

MORFOLOXÍA

Sobre as ladeiras onde se desenvolve o parcelario aséntanse os principais núcleos tradicionais onde destacan na metade oeste: Outeiro, O Rial e A Meán, Rorís, As Nogueiras e O Regueiriño, os tres de carácter mixto, e na zona máis elevada meridional A Carballeira, de carácter rural. Na metade este e de norte a sur atópanse os asentamentos de : A Igrexa, Agrovello, O Casal e O Rozo, todos de carácter rural excepto este último. A maioría destes núcleos presentan un modelo agrupado. Destacar a total ocupación do borde costeiro por ENCE, ELNOSA, a autovía PO-11, o Colexio Sagrado Corazón e o núcleo tradicional de Estibela de carácter urbano, que xunto co de Praceres (NIL) situados contiguos son os únicos que presentan este carácter na unidade. Todo o territorio presenta unha nebulosa de asentamentos espontáneos exceptuando as partes máis elevadas e a frente costeira que está completamente ocupada. La tipoloxía edificatoria predominante é la vivenda unifamiliar illada, asociada a parcelas agrícolas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As principais vías de comunicación que artellan a unidade son a PO-11 que recorre todo o perfil costeiro e avanzando progresivamente cara ao interior atopamos a estrada primaria básica PO-546 que recorre transversalmente o ámbito e se ramifica en numerosos viales secundarios que comunican os diversos asentamentos, formando unha trama profusa. O resto da rede está composta por camiños que estruturan o parcelario e pistas forestais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural compoñeno o Colexio do Sagrado Corazón, a igrexa dos Praceres, a Igrexa de Lourizán, a Rectoral, a Escola de Pescadores e o Pazo de Lourizán. Todos estes elementos da arquitectura civil e relixiosa están repartidos nos núcleos tradicionais de Praceres e A Igrexa. O patrimonio arqueolóxico catalogado está formado polo xacemento de Castro, os petroglifos de Carballeira, Pumariño e Pedra do Casal, necrópole de Igrexa de Santo André, a vila galaico-romana con factoría de salgadeira de Sartán, castro de Lourizán e as mámoas de Louredo e de Chan da Lagoa 1.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Pódense distinguir tres niveis desde a franxa costeira. O primeiro nivel fórmano a fábrica de celulosa de Lourizán e a vía PO-11 que ocupan practicamente a totalidade do borde litoral. Nun segundo plano atópanse os asentamentos que aínda están vencellados a agras de cultivo e se colocan por unha complexa red viaria. De modo que nos alonxamos do litoral gáñase altitude deixando paso ao tercer nivel composto por masas forestais de repoboación e autóctonas. A paisaxe natural e rural viuse fortemente humanizado pola expansión dos núcleos tradicionais, o armazón viario e a presenza da fábrica de celulosa ENCE.

DINÁMICA DA PAISAXE

A transformación máis importante que se manifesta neste paisaxe é o proceso de artificialización sufrido pola frente costeira, producido pola instalación en 1957 da Fábrica ENCE en terreos gañados ao mar mediante recheos e tamén pola ampliación das infraestruturas viarias que transcorren pegadas ao litoral, causando ao anterior unha completa alteración do uso e a fisonomía da costa. O extenso crecemento edificatorio espontáneo, producido sobre as antigas terras de uso agrícola, xunto co aumento de masas forestais nas zonas de maior altitude da unidade, provocaron un descenso considerable do mosaico agrícola.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A pesar das intensas transformacións antrópicas xa mencionadas, a paisaxe presenta determinados elementos de valor como a praia dos Praceres, as masas extensas de frondosas autóctonas situadas en O Rozo, As Nogueiras, Pumariño e ladeira enriba do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, ou o fito xeográfico Alto de Pornado (altitude 310 m) dende o que se pode observar unha conca visual da unidade. Súmase a isto o valor engadido que confiren os numerosos elementos patrimoniais incluídos nesta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







1. Crecementos dispersos na planicie litoral, concretamente no tramo costeiro comprendido entre os núcleos dos Praceres e Lourizán, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares dispersas na frente costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais e sen funcións definidas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.
2. O espazo actualmente ocupado polas instalacións das empresas ENCE, ELNOSA debido a que quedará vacante coa materialización do seu traslado a outro empraçamento dentro da comarca de Pontevedra no ano 2018. O obxectivo debe ser a recuperación e restauración dos elementos naturais, outorgándolles conectividade ecolóxica e visual coa súa contorna, así como a posible reordenación de usos para a xeración de espazos públicos de calidade e de cohesión social.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



